



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: APROBACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2025-2027

EXPEDIENTE: 2025/A013/000001

O Pleno do Concello de Betanzos, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2025, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2025-2027. O expediente permanecerá exposto ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación así como nas oficinas municipais, durante o prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación no citado Boletín Oficial. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

De acordo co disposto no artigo 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, por medio do presente faise público o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Betanzos para o período 2025-2027 que se transcribe de seguido:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2025/2027

Betanzos conta cun tecido asociativo moi importante, non só pola cantidade de asociacións, entidades e clubs que existen, senón polo dinamismo da actividade que organizan ao longo de todo o ano. A finalidade deste plan estratéxico é establecer unhas liñas para axudar e facilitar todas estas iniciativas, actividades e programas dos colectivos.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece a obriga de elaborar un plan estratéxico de subvencións. Ao igual que o artigo 5 da Lei de Subvencións de Galicia, Lei 9/2007, polo que se obriga á elaboración dun plan estratéxico de subvencións. No Plan a aprobar, segundo a lexislación exposta, deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiamento. Ademais, o Plan estará suxeito ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O Plan que se propón se inspira nos principios de transparencia, o cal incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social por mor da modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas. Esta modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa finalidade de establecer expresamente, nunha norma con rango de lei, que as axudas económicas municipais de carácter asistencial, como é o caso das axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen carácter de subvencións, precisamente en razón da súa natureza de prestacións asistenciais destinadas a persoas físicas. Polo tanto, a partir do 31 de xaneiro de 2021, data de entrada en vigor da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial (axudas municipais de emerxencia social) sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións.

Destacar que as axudas que os colectivos e entidades soliciten para organizar festas ou eventos lúdicos ao longo do ano repartiranse por concorrencia competitiva, garantindo así criterios de igualdade, obxectividade,

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

equidade e transparencia na súa concesión. Polo tanto, calquera asociación, colectivo ou entidade que queira organizar unha actividade e aspire a recibir algunha axuda do Concello de Betanzos, deberá presentar un proxecto conforme ás bases aprobadas e valorarase cuns criterios obxectivos e exactamente iguais para todos.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2025 a 2027 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES máximo de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2 . NATUREZA XURÍDICA

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento aos citados obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

Os beneficiarios poderán ser persoas físicas ou xurídicas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

O presente Plan Estratéxico resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

-Subvencións concedidas en réxime de concorrència competitiva: que será o réxime ordinario de concesión, correspondéndose ben con aquel no que a concesión de subvencións se establece mediante unha orde de prelación das solicitudes presentadas conforme aos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria realizada para o efecto, ou ben con aquel en que a concesión de subvención



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

será para aquelas entidades que cumpran as condicións predeterminadas, que se establecerán por cada liña de subvención.

- Concesión directa, do que só poderá facerse uso nos supostos seguintes:

- As subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos anuais do concello.

- Con carácter excepcional, aquelas subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

- As Subvencións que veñan impostas por norma de rango legal, debendo terse en conta o procedemento de adxudicación que describa a propia norma que a crea ou impón.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrència competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

Compatibilidade:

As normas específicas reguladoras de cada liña de fomento local incluírán unha referencia á súa compatibilidade con outras aprobadas ou que podan aprobarse, tanto polo propio concello como por outras entidades públicas.

As liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento da promoción da cultura, dos eventos tradicionais e demais eventos lúdicos.
- Liña 2: Fomento da promoción do deporte.
- Liña 3: Fomento da promoción do educación.
- Liña 4: Fomento da promoción dos servizos sociais e igualdade.
- Liña 5: Fomento da promoción do medio ambiente
- Liña 6: Fomento da promoción do comercio.

5.1. SUBVENCIÓNS DE FOMENTO DA CULTURA, DOS EVENTOS TRADICIONAIS E DEMAIS EVENTOS LÚDICOS

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter lúdico,cultural.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten a convivencia entre os veciños.
- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións do termo municipal de Betanzos.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais que poidan levar a cabo as distintas asociacións.
- Fomento das actividades lúdico-social das asociacións culturais do concello.
- Garantir criterios de igualdade, equidade e transparencia na súa concesión.

c) Prazo de execución:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2025-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O Orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará por concorrência competitiva ou de forma directa exclusivamente para as entidades que figuren nominativamente no Orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

5.2. SUBVENCÍONS DE FOMENTO DA PROMOCIÓN DO DEPORTE

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no concello, con fins de carácter lúdico e deportivo.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos do deporte o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten a convivencia entre os veciños.
- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica deportiva do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións do termo municipal de Betanzos.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades deportivas que poidan levar a cabo as distintas asociacións.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.
- Fomento das actividades lúdico-social das asociacións deportivas do concello.

c) Prazo de execución:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2025-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no Orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O Orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará por concorrência competitiva.

g) Plan de actuación:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que podan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.3. SUBVENCIONES DE FOMENTO DA EDUCACIÓN.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades varias dirixidas os alumnos e alumnas dos distintos centros educativos de Betanzos, en todos os niveis: educación infantil, primaria e educación secundaria.

b) Obxectivos específicos:

Apoiar e fomentar os cursos; as actividades extraescolares; seminarios e outras actividades relacionadas coa formación no CEIP Público existente no concello.

c) Prazo:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no Orzamento que se aprobe.

e) Fontes de de financiamento:

O Orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará por concorrência competitiva ou de forma directa exclusivamente para as entidades que figuren nominativamente no Orzamento.

g) Plan de actuación:

O procedemento de concesión realizarase de forma directa para o ANPA do CEIP Vales Villamarín.

5.4. SUBVENCIONES DE FOMENTO DOS SERVICIOS SOCIAIS E FOMENTO DA IGUALDADE.

a) Obxectivo estratéxico:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter socio-sanitario.

Fomentar a realización das accións dirixidas a propiciar a visibilización, o empoderamento e a autonomía das mulleres

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos ámbitos dos servizos sociais, tales como actividades nas áreas de familia, infancia e mocidade; persoas maiores; diversidade funcional; drogodependencias e outros trastornos aditivos; violencia de xénero e persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social e/ou laboral.
- Fomentar a participación das súas entidades sociais na dinámica sociosanitaria do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións do termo municipal de Betanzos.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades sociosanitarias que poidan levar a cabo as distintas asociacións.

Por outra parte en referencia a igualdade:

- Dinamizar a vida interna das asociacións de mulleres, na procura da potenciación dos valores e finalidades destas entidades, convocando axudas económicas dirixidas ás asociacións de mulleres coa finalidade de promover, fortalecer, consolidar e dinamizar o movemento asociativo de mulleres como elemento clave do cambio de valores e da transformación necesaria para avanzar na igualdade de xénero real e efectiva, con especial relevancia no ámbito rural para visibilizar e pór en valor o papel das mulleres na mellora da calidade de vida, do asentamento da poboación e da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade e para contribuír á eliminación e prevención da violencia de xénero e prestar apoio e acompañamento ás vítimas.

c) Prazo de execución:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2025-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no Orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O Orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

O procedemento de concesión se realizará por concorrência competitiva.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que podan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.5. SUBVENCÍONS DE FOMENTO DO MEDIO AMBIENTE

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter medioambiental.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos do medio ambiente e a mobilidade o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten a convivencia entre os veciños.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións do termo municipal de Betanzos.
- Apoiar o desenvolvemento de actividades medioambientais que poidan levar a cabo as distintas asociacións.
- Fomento das actividades lúdico-social das asociacións ambientais do concello.

c) Prazo de execución:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2025-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no Orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O Orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

O procedemento de concesión se realizará por concorrência competitiva.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que podan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.6. SUBVENCÍONS DE FOMENTO DO COMERCIO

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter de promoción do comercio.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de actividades que fomenten o comercio local.

c) Prazo de execución:

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2025-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará por concorrência competitiva ou de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.7 OBXECTIVOS COMÚNS.

En referencia ás liñas de subvencións anteriores, en todas elas é necesario avaliar o emprego da lingua galega nas actividades para as que se solicita axuda, en cumprimento da Lei 9/2007, de subvencións de



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Galicia e a Ordenanza para o impulso da lingua galega do Concello de Betanzos aprobada no BOP número 240 de 21 de decembro de 2016.

De igual xeito a lexislación vixente en materia de subvencións públicas e igualdade a nivel estatal (Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; Real decreto 887/2006, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; e Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes), apuntan que todas as administracións públicas deben ter en conta o principio de igualdade e a perspectiva de xénero desde todas as áreas e en todos os procedementos, en aras de conseguir un modelo de xestión máis integrador e equitativo. A incorporación de criterios de igualdade ou cláusulas sociais de igualdade nas diferentes fases de subvención públicas é unha ferramenta útil para erradicar posibles discriminacións ou desigualdades por razón de sexo e aplicar de maneira efectiva a transversalidade de xénero.

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan necesario a fixación dun prazo de execución superior ao anual, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente Orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións que establece que *“tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención”*.

As bases das diferentes convocatorias así como os convenios que se aproben con relación as subvencións nominativas, en función das necesidades de financiamento, do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública, poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións, realizarase de forma anual, en dous aspectos:

-Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á intervención do Concello de Betanzos, que se realizará nas condicións estipuladas na lexislación vixente.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

- Control e seguimento do Plan, que será recopilado pola intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte unha memoria das axudas concedidas.

A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da Liquidación orzamentaria do exercicio vencido, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA E PUBLICIDADE

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na sede municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

De conformidade co artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno O Plan Estratéxico xunto coas súas modificacións e actualizacións será obxecto de publicación no Portal do Concello de Betanzos.

Betanzos, 29.05.2025

A alcaldesa

María Barral Varela

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE